

# PREVENCIÓN DA VIOLENCIA SEXUAL DESDE AS AULAS DE SECUNDARIA

Adán Villamarín, Carme  
IES Politécnico de Vigo  
carne.adan@gmail.com

Álvarez Diéguez, Irma  
IES Politécnico de Vigo  
orientacion.vigo@gmail.com

Piña Rodríguez, Eva  
IES Politécnico de Vigo  
evapin@gmail.com

## RESUMO

A presente comunicación recolle o proceso de redacción do “Protocolo para a prevención do acoso sexual” nas aulas dun centro de secundaria e algunhas reflexións xurdidas durante a elaboración. Consideramos que reflexionar de forma crítica sobre como abordamos a violencia sexual debe ser un paso previo á elaboración dos documentos que permitan a toda a comunidade educativa sensibilizarse, previr e actuar en casos de acoso sexual. O protocolo que aquí relatamos aínda está en fase de elaboración e debate no centro, xa que percibimos que eran necesarios dous cursos académicos, como mínimo, para a súa posta en funcionamento.

Gustaríanos que o traballo realizado durante este curso académico 2018-2019 no IES Politécnico de Vigo, no marco do Contrato-Programa, poida servir para dar luz ou inspirar futuros debates nos centros de ensino no ánimo de mellorar as ferramentas das que dispomos como docentes no referido ao tratamento e prevención da violencia.

**PALABRAS CLAVE:** violencia sexual, coeducación, feminismo, acoso sexual, violencia de xénero.

## TRABALLAR A VIOLENCIA DE XÉNERO NAS AULAS: UN RETO

“Entender a violencia contra as mulleres é entender a sociedade como un todo”

*Rita Segato*

Un dos retos que temos que abordar como docentes feministas é o traballo sobre a violencia de xénero nas aulas e os centros educativos. É certo que toda a normativa vixente destaca a importancia de incorporar na escola a prevención da violencia de xénero. Desde a Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra la Violencia de Género, a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, o Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita contra a violencia contra a muller e a violencia doméstica (Convenio de Estambul), Estambul el 11 de maio de 2011, vigor de forma xeral para España desde 1 de agosto de 2014 ou o recente Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, decembro 2017 a presenza da educación como un factor determinante na prevención é un punto destacábel. Non se nos escapa que isto é unha obviedade, xa que a escola é un dos espazos prioritarios para desmontar os estereotipos de xénero e dar pasos decididos nunha coeducación plena de nenos e nenas, de mozas e mozos.

A dificultade reside en pensar como abordamos a violencia e plasmar isto non só nos documentos do centro senón na práctica efectiva de todos os días. En moitas ocasións as presas ante a celebración do 25 de novembro, ou outras datas sinaladas no calendario, fai que desenvolvamos actividades que seguen incidindo no estereotipo das mulleres e as mozas como débiles e vítimas. Isto no referido á violencia sexual pode converterse nunha pexa máis que iguale as mozas con seres que necesitan protección e desenfocamos a cuestión a traballar do fundamental, a saber, que o sistema patriarcal constrúe a masculinidade desde a idea de poder e control e o feminino como submisión.

A nosa proposta, tendo presente este criterio xeral, propón pensar e traballar a violencia fuxindo da vitimización das mozas en xeral e das alumnas do centro onde traballamos en concreto.

## COMO ELABORAMOS UN PROTOCOLO DE PREVENCIÓN DO ACOSO SEXUAL?

Neste apartado propoñémonos dar conta do proceso participativo que supuxo, e agardamos medre en participación no próximo curso, a experiencia de deseño e elaboración do Protocolo de prevención do acoso sexual do IES Politécnico de Vigo a través do equipo de Igualdade e da materia de Igualdade de xénero de 2ºESO.

Debemos comezar destacando que no noso centro contamos cun Plan de Igualdade aprobado no curso 2015-2016<sup>1</sup>. No IES Politécnico de Vigo cursan estudos unha media de 1400 alumnas e alumnos en diferentes ensinanzas que comprenden Secundaria, Bacharelato, Ciclos Formativos e ESA e conta cun claustro estable de máis de 130 profesoras e profesores. As porcentaxes de xénero no claustro é de 62% son homes e o 38% mulleres. Esta cifra que pode sorprender nun primeiro momento dada a feminización crecente do ensino secundario<sup>2</sup> cando se analiza polo miúdo pon de manifesto os habituais sesgos. Isto é, as gráficas segundo o xénero son case que opostas se falamos de secundaria ou de ciclos formativos, a saber, cun 58% de mulleres en secundaria e bacharelato e un 20% en FP. De igual xeito, o reparto do alumnado é completamente diferente. Como exemplo un dato para reflexionar, no bacharelato artístico o 78% son mozas, no científico o 70%, no tecnolóxico o 33% e na FP o 13%. Estes datos son os habituais como confirman todos os estudos que mostran a infrarrepresentación das mozas nos estudos STEM e nas familias profesionais ligadas á tecnoloxía. Do mesmo xeito que indican a infrarrepresentación dos mozos nas ciencias da saúde e as ensinanzas artísticas.

Esta radiografía do centro foi unha das primeiras accións do Plan de Igualdade do Politécnico. Como se pode observar o noso centro ten unha forte prezeza masculina debido ás familias profesionais dos Ciclos formativos que se imparten. Este aspecto que desde o equipo de Igualdade temos comentado en moitas ocasións de xeito informal é unha das cuestións que no futuro temos que abordar de xeito sistemático como reto de traballo, isto é, unha abordaxe integral das novas masculinidades tan necesaria en todo o ensino.

No noso Plan de Igualdade, que entendemos como unha folla de ruta sempre viva e dinámica recóllese de xeito expreso a referencia á prevención da violencia patriarcal que engloba tanto a violencia cara as mozas como as manifestación homófobas e

1 Páxina web do centro <https://igualdadepolitecni.wixsite.com/igualdade/plan-de-igualdade>

2 Actualmente a presenza feminina nos centros de Ensino Secundario, Bacharelato e Formación Profesional é dun 64%. No ensino non universitario dun 65%. A porcentaxe é superior no ensino infantil e primario cun 77%.

transfobas. Baste como exemplo o seguinte punto extraído dos obxectivos específicos para o alumnado:

“Fomentar unha actitude activa de rexeitamento a todo tipo de acoso sexista e homofóbico, de non participación en situacións de acoso, de apoio e defensa das persoas violentadas e de comunicación a calquera membro do persoal docente, ao seu titor ou titora, ao Departamento de Orientación ou ao Equipo directivo de situacións de violencia verbal o física, agresión sexual, acoso escolar homofóbico ou accións de odio.”

Con este pano de fondo no presente curso, 2018-2019, decidimos desenvolver desde o marco do Contrato-Programa un “Protocolo para a prevención do Acoso sexual”. Queremos dar conta do proceso no que estamos para poder abrir debate a respecto do mesmo. Comezamos por desenvolver un traballo co alumnado da Materia de Igualdade de 2ºESO de análise da situación do centro. Nesta fase contamos coa colaboración dun equipo de persoas expertas en convivencia que foron contratadas para elaborar o primeiro borrador do protocolo. Posteriormente o protocolo foi elevado á Comisión do Coordinación Pedagóxica do centro para que todos os departamentos poidan facer as súas achegas. Con este material dispoñémonos a elaborar un documento definitivo para poder debater e aprobar en Claustro e Consello Escolar durante trimestre do próximo curso. Polo tanto, o que agora relataremos correspóndese coa primeira fase da elaboración do documento.

## ELABORACIÓN DO PROTOCOLO

### 1. Primeira fase: desfacer mitos, temores e falsas crenzas no alumnado

A pesar de que a totalidade do alumnado que cursa a materia de Igualdade de Xénero cursara en 1ºESO valores e, polo tanto, tiña traballado concepto como “xénero”, “violencia patriarcal”. “diversidade afectivo-sexual” ou “feminismo” considerouse pertinente comezar por desfacer falsos mitos e temores que perviven na consideración da violencia sexual que sofren as mozas e as mulleres.

#### 1.1. Mitos falsos

- a. As mulleres fan cargos falsos de acoso sexual”. FALSO, o que ocorre e que aínda existe tolerancia social fronte ao acoso sexual, xa que se consideran condutas naturalmente masculinas.

- b. “Os homes posúen un irrefrenable instinto sexual”. FALSO, a sexualidade humana non é exclusiva dos varóns; os patróns de sexualidade masculina tradicional ou machista magnifican a súa libido.
- c. “As mulleres teñen a culpa de ser acosadas por ser provocadoras”. FALSO, pois os homes cosifican ás mulleres como obxectos sexuais nas súas fantasías.
- d. “É normal que os homes fagan bromas con contido sexual en público”. FALSO, é parte da violencia de xénero sustentada en relacións asimétricas de poder entre homes e mulleres.
- e. “As condutas sancionadas pola lei son as accións, polo tanto as miradas ou comentarios non constitúen violacións aos dereitos das mulleres”. FALSO. Toda conduta de natureza sexual non benvida ou rexeitada é acoso sexual.

## 1.2. Temores

- a. Temor a falar do ocorrido, posto que a sexualidade humana segue sendo un tema tabú do que non se quere falar nin reflexionar.
- b. Temor a ser vitimizada, por negligencia, indiferenza, torpeza de quen recibe a demanda ou denuncia.
- c. Temor á crítica e á presión dos seus compañeiros e compañeiras de traballo por presentar a queixa interna ou denuncia xudicial.
- d. Temor a non confidencialidade nin reserva do feito e en consecuencia a publicidade dos sucesos no lugar de estudos, que expón a intimidade de quen foi obxecto de acoso.
- e. Temor á mala interpretación dos feitos ocorridos, á incompreensión do feito ou a interpretación errónea do límite da tolerancia entre a torpeza e o acoso sexual.
- f. Temor á culpabilidade e o pensamento de se propiciaron o acoso sexual pola forma amable de relacionarse ou pola vestimenta, actitudes, etc.

## 2. Segunda fase: identificación de conductas

Un dos traballos realizados polo alumnado foi debatir a respecto do que se consideraba acoso sexual. Aquí a perspectiva de mozos e mozas é distinta aínda que existía bastante consenso e logo de varias sesión de traballo chegaron a identificar as seguintes conductas:

- a. Contacto físico innecesario e non desexado
- b. Observacións molestas e outras formas de acoso verbal
- c. Miradas lascivas e xestos relacionados coas exualidade
- d. Insultos, observacións, bromas e insinuacións de acoso sexual
- e. Petición de favores sexuais
- f. Comentarios, bromas, xestos ou miradas sexuais
- g. Fregar á vítima contra alguén dun xeito sexual
- h. Manoseos, tiróns ou beliscos de xeito sexual
- i. Propagar rumores ou contido audiovisual de carácter sexual sobre a vítima
- j. Tirar da roupa de xeito sexual
- k. Amosar, dar ou deixar imaxes sexuais, fotografías, ilustracións, mensaxes ou notas sexuais
- l. Forzar a bicar a alguén
- m. Violación ou abuso sexual
- n. Masturbarse en público ou enviar contidos de carácter sexual indesexados
- ñ. Escritos, mensaxes (pintadas, graffitis) sexuais sobre a vítima nas paredes de baños, vestuarios, mesas, etc.
- o. Espiar mentres se cambia ou está encerrada no baño
- p. A utilización ou exhibición de material pornográfico

### 3. Terceira fase: deseñar o papel do alumnado

Logo de debatir polo miúdo as conductas identificadas o alumnado propuso unha serie de puntos referidos á capacidade de resposta ante as situación de acoso de tipo sexual que considerou importantes para reflectir no protocolo e que desde o equipo de Igualdade estimamos que deben ser centrais para debatir con todo o claustro de profesorado. O alumnado considerou que é importante crear, coa titorización do profesorado, un grupo de carácter estábel coas seguintes principais funcións:

- a. Actuar coma Observatorio de acoso, elevando ó nivel de exigencia na detección e información das condutas recollidas no protocolo co respecto ao resto do alumnado do centro.
- b. Servir coma unha rede de apoio e soporte para o alumnado que denuncie unha situación de acoso sexual e poña en marcha o Protocolo de actuación en casos de acoso sexual. Facilitar información. Acompañar durante o proceso.
- c. Prestar axuda na dinamización do Protocolo, na sensibilización e contribuír de forma activa na actualización e adaptación do mesmo.

### 4. Fases posteriores

Despois do proceso de debate na CCP estamos agardando polas aportacións de todos os departamentos do centro. Desde a nosa óptica a implicación de todo o profesorado é fundamental para poder elaborar un protocolo que vaia máis alá de ser un documento que se colgue na páxina web do centro.

Nesa idea estamos traballando para deseñar unha pequena campaña de información que inclúa material para colocar nas aulas, un vídeo realizado polo alumnado en colaboración co profesora de Cultura Audiovisual e unha pequena xornada de formación para todo o persoal do centro, docente e non docente.

## REFLEXIÓNS FINAIS

O proceso de elaboración do Protocolo é un camiño que aínda non está finalizado, seguramente deba ser sempre un camiño inconcluso onde cada vez vaiamos mellorando a noso traballo diario na prevención da violencia contra as mulleres. Mais a modo de peche desta comunicación quixeramos facer algunha reflexión.

En primeiro lugar, comprobamos a diferenza tan grande que teñen as percepcións dos rapaces e das rapazas do que é a violencia e o acoso sexual. Estimamos necesario traballar as novas masculinidades nas aulas e desmontar tanto os mitos do amor romántico como a imaxe da sexualidade masculina baseada no dominio do feminino.

Vivimos de novo as dificultades que existen nos centros educativos para ter espazos de traballo conxunto. As dinámicas escolares, cada vez máis neoliberais, impiden buscar espazos compartidos para planificar e avaliar o traballo realizado. Se a igualdade e a prevención da violencia de xénero é unha prioridade educativa debe contar con recoñecemento horario que permita traballar de forma transversal e coeducativa os valores feministas.

A Comisión de Coordinación Pedagóxica e os Claustros escolares non deben ser espazos meramente burocráticos. Deben recuperar a súa función de debate e reflexión. Un centro que aprobé documentos sen que a súa comunidade educativa os debata e interiorice non mudará as prácticas e seguirá a reproducir os estereotipos patriarcais.

Pensar a violencia, poñer en común o que facemos e avaliar todos os procesos son aspectos fundamentais que non podemos descoidar da nosa práctica docente.

## BIBLIOGRAFÍA

AA.W. (2018) *Coeducación. O alicerce do ensino*, AS-PG, Santiago de Compostela.

Adán, Carme (2018) *Feminicidio. Unha nova orde patriarcal en tempos de submisión*, Galaxia, Vigo.

Agra, María Xosé (2013) "Construcciones sociales vinculadas a la violencia de género". En Cristina Alonso (coord.) *Violencia de género y Justicia*, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico. Campus Vida, Santiago de Compostela, pp. 31-42..

Atencio, Graciela (ed.) (2015) *Feminicidio. El asesinato de mujeres por ser mujeres*, Libros de la Catarata, Madrid.

Rúiz, Carmen (2016) "Escalera cíclica de la violencia de género en la adolescencia" en Kika Fumero, Marian Moreno Llaneza e Carmen Ruiz Repullo *Escuelas libres de violencias machistas*, Edicions UIB, Illas Balears.



San Segundo , Teresa (2016) (dir.) *A vueltas con la violencia. Una aproximación multidisciplinar a la violencia de género*, Tecnos, Madrid.

Segato, Rita (2006) *Las estructuras elementales de la violencia*, Prometeo, Buenos Aires.

Valdes, Isabel (2018) *Violadas o muertas*, Ediciones Península, Barcelona.